

DECRETO DA ALCALDIA

ASUNTO: MEDIDAS DE CONTENCIÓN COVID-19.

EXP. NÚM. 207/2020.

A situación xerada pola evolución do Coronavirus (COVID-19) require da adopción de medidas de contención extraordinarias polas autoridades de saúde pública.

O equipo de goberno do concello de Vila de Cruces considera necesario adoptar unha serie de medidas que complementen as tomadas pola administración do estado e da Xunta de Galicia, en todo termo municipal, en beneficio dos veciños e con efectos inmediatos.

En consecuencia, en virtude das facultades atribuídas pola artigo 21.1,s) da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, **DISPOÑO** de xeito indefinido ata nova comunicación:

Primeiro: Pechar as seguintes instalacións municipais:

- Auditorios (Vila de Cruces, Merza, Gres e Fontao).
- Parques infantís
- Locais sociais de titularidade municipal.

Segundo: Facer unha chamada aos veciños para que na medida das súas posibilidades utilicen medios telefónicos e telemáticos para levar a cabo a comunicación coa administración municipal, restrinxindo ao máximo posible as visitas ao Concello.

Terceiro: Apelar á responsabilidade de veciñanza á hora de tomar as medidas oportunas para velar pola Saúde Pública, de acordo ao indicado polas autoridades sanitarias.

Mándao e asíno o Alcalde na data indica á marxe, do que como Secretaria da Corporación, dou fe.

O alcalde, Luis Celso Taboada Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492

